

## Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

A deputada **Yolanda Díaz Pérez** e o deputado **Antón Sánchez García**, integrante do **grupo parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda (AGE)**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral no Pleno**, relativa á poxa dos incentivos por interrumpibilidade.

Coñecido que a Rede Eléctrica Española vai ofertar só 8 bloques de 90 MW na poxa dos incentivos por interrumpibilidade deste luns, 31 de agosto, o grupo parlamentario da AGE lamenta que se confirme a determinación do goberno central e da súa delegación na Xunta de promover os intereses económicos privados do oligopolio eléctrico aínda que iso supoña a destrución das empresas industriais e dos postos de traballo do sector. Semella que non resulta en van a nauseabunda contratación privilexiada dos responsables de mil e unha privatizacións e negocios contra o interese xeral realizadas polas grandes empresas eléctricas, nunha nómina que abrangue de Felipe González a José María Aznar pasando por varias dúcias de altos cargos dos partidos do réxime.

Preguntámonos dende AGE as razóns que explican que malia contemplar o BOE do 4 de agosto que se puideran ofertar ate 13 bloques grandes de 90 MW só se vaian ofertar efectivamente 8. Apenas a metade dos posibles.

A plasmación da poxa deixa en evidencia as mentiras e os incumprimentos acerca da modificación tanto no que refire o horizonte temporal canto a potencia ofertada.

Esta pésima política gubernamental non pode ser a escusa para que a dirección da empresa Alcoa non adopte un criterio de participación na poxa que prexudique á planta radicada na Coruña, poñendo en grave risco os postos de traballo das plantas de Galicia e Asturias.



Polo sinalado, o grupo parlamentar da AGE formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral no Pleno:

- En que termos dirixiuse a Xunta de Galicia ás autoridades competentes e responsables ministeriais para que a poxa fixérase cos mellores criterios posibles para manter o emprego e a actividade da industria intensiva en consumo eléctrico?

En Compostela, a 31 de agosto do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Antón Sánchez García

**Asinado dixitalmente por:**

**Yolanda Díaz Pérez na data 31/08/2015 14:08:21**

**Anton Sánchez García na data 31/08/2015 14:08:27**